



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia

GUÍA DE RECOMENDACIONES PARA A TRAMITACIÓN DE PLANS DE DESPREGAMENTO NOS CONCELLOS

Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia para a posta en marcha de actividades para o fomento da Sociedade da Información

Ano 2021

ÍNDICE

OBXECTIVO.....	1
PLAN DE DESPREGAMENTO	1
RECOMENDACIÓNS	4
TRAMOS FINAIS DAS REDES FIXAS DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS DE ACCESO ULTRARRÁPIDO E PERMISOS DE PASO	5



OBXECTIVO

Conscientes da necesidade dos concellos de ter un asesoramento de cara á tramitación dos Plans de Despregamento que reciben por parte dos operadores de telecomunicacións, dende a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), e dentro do convenio de colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para a posta en marcha de actividades para o fomento da sociedade da información, realízase esta *Guía de Recomendacións para a tramitación de Plans de Despregamento nos concellos*.

PLAN DE DESPREGAMENTO

Os operadores de telecomunicacións desenvolven as súas redes mediante a implantación de canalizacións nas vías públicas e estacións radioelétricas, e modificando e ampliando as existentes para asegurar unha boa calidade de servizo aos cidadáns. Co obxecto de fomentar e facilitar medidas de coordinación e adecuación da súa integración urbanística e ambiental, así como posibilitar unha información xeral aos cidadáns, a *Ley General de Telecomunicaciones (Ley 9/2014, de 9 de mayo)* contempla a figura dos Plans de Despregamento.

Establécese nesta lei que a presentación do Plan de Despregamento no Concello, sempre que este fose aprobado por dita administración exime ao operador da obtención de licencia ou permiso previo para á execución dunha infraestrutura contemplada no devandito Plan, substituindo tal requisito pola presentación dunha declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, permitindo así acurtar o tempo de tramitación para os despregamentos de infraestruturas de telecomunicacións.

Un **Plan de Despregamento** é un documento informativo redactado polos operadores, que recolle a previsión de necesidades de instalacións e zonas ideais de busca para a situación de futuras infraestruturas e estacións radioelétricas, que tamén inclúe os supostos nos que necesiten despregamentos aéreos ou por fachadas de cables e equipamentos, e modificación das infraestruturas existentes.



Como tal previsión, precísase interpretalo con flexibilidade, posto que no momento da elaboración dos plans de despregamento pode ocorrer que os operadores non coñezan con exactitude o lugar polo que poderán discorrer as infraestruturas ou onde se situarán as estacións radioelétricas, xa sexa por necesidades do servizo ou por coordinación con resto dos operadores. Por este motivo, o Plan debe relacionar unha serie de lugares nos que se prevea a instalación de infraestruturas de telecomunicación, con suficientes alternativas para cambiar a situación das mesmas se as condicións o exixiran.

Co obxectivo de homoxeneizar estes documentos indícase na propia **Ley General de Telecomunicaciones (LGTel)** (artigo 34.6), que se regulará mediante Real Decreto o contido e as condicións técnicas exixibles que deberían conter os plans de despregamento, pero na data actual a LGTel está en vigor pero **aínda non se aprobou ningún Real Decreto que regule o contido e as condicións técnicas dos Plans de Despregamento.**

Así, cómpre sinalar as consideracións recollidas na propia LGTel sobre os Plans de Despregamento:

- No artigo 34.6 da LGTel recóllese un procedemento para simplificar os trámites administrativos e axilizar os despregamentos de infraestruturas de telecomunicacións, que consiste en que os operadores de telecomunicacións poden presentar ante os Concellos un Plan de Despregamento das infraestruturas que ten previsto despregar no Concello nun futuro próximo para o outorgamento de licenza ou autorización conxunta. Deste xeito, o Concello pode avanzar no encaixe das futuras infraestruturas no seu plan urbanístico.
- No caso de aprobación do Plan de Despregamento por parte do Concello, cando sexa o momento da instalación de infraestruturas contempladas en dito Plan, estas non precisarán licenza ou autorización, bastando para o seu trámite municipal a presentación dunha declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de cumprimento da normativa vixente, tanto municipal coma sectorial, reducindo así os tempos necesarios para os despregamentos.
- Sobre as instalacións non soterradas, no artigo 34.6 da LGTel indícase que:



“No Plan de Despregamento ou instalación, o operador deberá prever os supostos nos que se van efectuar despregamentos aéreos ou por fachadas de cables e equipamentos”.

- Isto relaciónase co disposto no artigo 34.5 da LGTel que determina que:

*“Os operadores deberán facer uso das canalizacións soterradas [...] Nos casos nos que non existan [...] ou non sexa posible o seu uso [...] poderán efectuar despregamentos aéreos [...]. **Os despregamentos aéreos e por fachada non poderán realizarse en casos xustificados de edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que poidan afectar á seguridade pública**”.*

O ideal dende o punto de vista técnico sería que o Plan de Despregamento tivera formato de proxecto técnico, no que o operador describise, entre outros, os servizos que vai prestar, as zonas de servizo atendidas, as solucións construtivas utilizadas, as medidas adoptadas para minimizar o impacto paisaxístico e ambiental, así coma unha análise sobre o uso compartido de infraestruturas, tanto das existentes como as de nova construción.

En ausencia do desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 34.6 da LGTel respecto ao Real Decreto que tiña que describir o contido e as condicións técnicas dos Plans de Despregamento, os únicos supostos a considerar son os anteriormente mencionados, o que provoca un certo grao de indefinición e flexibilidade destes Plans.

A existencia do plan de despregamento non impide o control do Concello sobre os despregamentos, só axiliza os trámites para a súa execución. As competencias urbanísticas e de inspección do Concello seguen vixentes.

Con todo isto, as recomendacións da AETG para a tramitación dos Plans de Despregamento recibidos nos concellos por parte dos operadores son as seguintes:



RECOMENDACIÓNS

1. Revisión do Plan de Despregamento ou instalación por un técnico competente en telecomunicacións, como por exemplo un enxeñeiro de telecomunicación. Este comprobará que o operador achega toda a documentación precisa para poder aprobar por parte do Concello o Plan de Despregamento, entendido este como unha solicitude de permiso para a instalación conxunta de infraestrutura.
2. Comprobar que o Plan de Despregamento ou instalación, cumpre co establecido na *Ley 9/2014, de 9 de mayo, General de Telecomunicaciones*.
3. Comprobar que se inclúen os supostos nos que se van efectuar despregamentos aéreos ou por fachadas de cables e equipamentos.
4. Comprobar que no Plan de Despregamento ou instalación non se inclúen zonas de especial protección, tales como cascos históricos ou edificios declarados como Ben de Interés Cultural (BIC), zonas de protección medioambiental ou paisaxística, ou mesmo zonas de protección dos distintos Camiños de Santiago. En caso contrario, asegurarse que o operador presenta a documentación precisa nestes casos e que a solución adoptada polo operador cumpre coa lexislación sectorial, pedindo aclaracións á empresa operadora en caso de dúbidas ao respecto, podendo solicitar un Plan de Despregamento especial para estas zonas.
5. Axilizar a aprobación do Plan de Despregamento por parte do Concello para evitar retrasos que poidan interferir en posibles subvencións de administracións aos operadores, facilitando así que as infraestruturas se achegen aos veciños.



TRAMOS FINAIS DAS REDES FIXAS DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS DE ACCESO ULTRARRÁPIDO E PERMISOS DE PASO

Como se indicou anteriormente, nos Plans de Despregamento, para as instalacións non soterradas, o operador debe prever e informar dos supostos nos que pretenda efectuar **despregamentos aéreos ou por fachadas de cables e equipamentos**.

Neste senso, o artigo 34.5 da **Ley General de Telecomunicaciones (LGTel)** dispón que os operadores deberán facer uso das canalizacións soterradas ou no interior das edificacións que permitan o despregamento das redes. Nos casos nos que non existan estas canalizacións ou non sexa posible o seu uso por razóns técnicas ou económicas, poderán efectuar despregamentos aéreos seguindo os previamente existentes.

Igualmente, nos mesmos casos, os operadores poderán efectuar polas fachadas despregamentos de cables e equipamentos que constitúan redes públicas de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados, si ben que para iso deberán utilizar, na medida do posible, os despregamentos, canalizacións, instalacións e equipamentos previamente instalados.

Os despregamentos aéreos e por fachadas non se poderán realizar en casos de edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que poidan afectar a seguridade pública.

O artigo 45.4 da LGTel dispón que os operadores poderán instalar os tramos finais das redes fixas de comunicacións electrónicas de acceso ultrarrápido, así como os seus recursos asociados, nos edificios incluídos no seu ámbito de aplicación co obxecto de que calquera copropietario ou, de ser o caso, arrendatario do inmovible poida facer uso desas redes.

No caso de edificios en que non exista unha infraestrutura común de comunicacións electrónicas no interior do edificio ou conxunto inmobiliario, ou a existente non permita instalar o correspondente acceso ultrarrápido, esa instalación poderase realizar facendo uso dos elementos comúns da edificación.

Nos casos en que non sexa posible realizar a instalación no interior da edificación ou predio por razóns técnicas ou económicas, a instalación poderase realizar utilizando as fachadas das edificacións.



O **primeiro operador** que se propoña realizar o despregamento de tramos finais de rede facendo uso de elementos comúns dos edificios, fincas e conxuntos inmobiliarios, cando estes carezan dunha infraestrutura común de telecomunicacións (ICT) **deberá comunicalo por escrito á comunidade de propietarios ou, de ser o caso, ao propietario do edificio, xunto cunha memoria descritiva da actuación** antes de iniciar calquera instalación. Este requisito non sería exixible no caso de que a comunidade de propietarios autorizase previamente a instalación da instalación.

A **instalación** proposta **non se poderá realizar** si, no prazo dun **mes** desde que se produce a comunicación, a comunidade de propietarios ou o propietario:

- **acredita** ante o primeiro operador que ningún dos copropietarios ou arrendatarios do edificio está interesado en dispoñer das infraestruturas propostas (caso distinto do copropietario que pode estar interesado no despregamento da infraestrutura pero que pode non estar interesado, polo momento, en contratar os servizos que proporciona dita infraestrutura), ou
- **manifesta** que vai realizar, dentro dos tres meses seguintes á data de contestación, a instalación dunha infraestrutura común de comunicacións electrónicas no interior do edificio (ICT), ou adaptación da previamente existente. A decisión de instalar ou adaptar dita infraestrutura ICT debe ser aprobada na xunta de propietarios polo menos a un terzo dos seus integrantes que representen, a súa vez, un terzo das cotas de participación nos elementos comúns, segundo o establecido no artigo 4 do *Real Decreto-ley 1/1998, de 27 de febreiro*, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación.

Transcorrido o prazo **dun mes** antes sinalado desde que a comunicación se produza sen que o operador obtivese resposta, ou o prazo de tres meses seguintes á contestación sen que se realizase a instalación da infraestrutura común de comunicacións electrónicas (ICT'S), **o primeiro operador estará habilitado** para iniciar a instalación dos tramos finais da rede. En todo caso, o operador deberá indicar á comunidade de propietarios ou ao propietario o día de inicio da instalación.

Non é necesario convocar unha xunta de propietarios para responder á comunicación dun operador. A convocatoria da xunta de propietarios sería necesaria por exemplo para acordar a instalación dunha infraestrutura común de telecomunicacións (ICT'S) que inclúa portadores de fibra óptica, ou adaptar a previamente existente.

Por tanto, aínda que sempre é desexable manifestar e formalizar os acordos por seguridade xurídica tanto da comunidade de propietarios como do operador, tampouco é necesario que a



comunidade de propietarios adopte un acordo favorable expreso para que un operador estea habilitado a despregar os tramos finais da rede.

Para garantir que os cidadáns poidan acceder a unha oferta plural e diversificada, tanto en prestacións como en prezos, de redes e servizos de telecomunicacións de distintos operadores, así como para garantir unha libre competencia entre operadores diferentes, o artigo 45 da LGTel establece que, se xa hai un operador que iniciou ou finalizou o seu despregamento dunha rede de acceso ultrarrápido nun edificio conforme ao indicado anteriormente, **os seguintes operadores tamén están habilitados directamente para despregar tramos finais de rede nesa comunidade de propietarios.**

En todo caso, o operador interesado en efectuar a **instalación debe comunicalo previamente á comunidade de propietarios**, xunto cunha **descricao da actuación** para realizar, cunha antelación mínima **dun mes**. Pasado este prazo, o operador poderá efectuar a instalación sen máis trámite que indicar á comunidade de propietarios o día concreto de inicio da instalación. Este requisito non sería esixible no caso de que a comunidade de propietarios autorizase previamente a realización da instalación.

Os operadores como regra xeral, poden decidir libremente se, á hora de acceder aos seus usuarios para proporcionarlles servizos baseados en fibra óptica, instalan nun edificio ou conxunto inmobiliario os seus propios tramos finais de rede, con independencia de que haxa outro operador nese edificio ou conxunto inmobiliario que previamente instalase tramos finais, ou ben deciden compartir o uso deses tramos finais instalados previamente por outro operador.

No caso de que o operador opte polo uso compartido, as condicións técnicas e económicas polas que un operador pode acceder ao uso compartido dos tramos finais de rede de fibra óptica instalados previamente por outro operador están reguladas e, en particular, están establecidas na regulación sobre as obrigacións almacenistas a que están sometidos os operadores, en concreto na “Resolución pola que se aproba a imposición de obrigacións simétricas de acceso aos operadores de comunicacións electrónicas en relación coas redes de fibra da súa titularidade que despreguen no interior dos edificios e acórdase a súa notificación á comisión europea”, adoptada pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións con data 12 de febreiro de 2009.



Permisos de paso

Os permisos de paso refírense a aqueles casos en que se trate dun tramo para dar continuidade a unha instalación que sexa necesaria para proporcionar acceso a esas redes en edificios ou predios estremeiros ou próximos e non exista outra alternativa economicamente eficiente e tecnicamente viable.

Neste caso, para garantir tamén a libre competencia entre **operadores**, estes están **habilitados** directamente para instalar tramos de rede nunha comunidade de propietarios co obxectivo de dar continuidade e conectar a rede que se vai a despregar ou se está despregando en edificios ou predios estremeiros ou próximos.

Tamén neste caso debe existir unha **comunicación previa mínima dun mes** de antelación do operador á comunidade de propietarios ou ao propietario xunto cunha descrición da actuación que pretende realizar, antes de iniciar calquera instalación. Pasado o prazo dun mes o operador poderá realizar a instalación sen mais trámite que indicar á comunidade de propietarios ou ao propietario o día de inicio da instalación. Este requisito non sería esixible no caso de que a comunidade de propietarios autorizase previamente a realización da instalación.

Responsabilidade por danos na instalación

No artigo 45 da LGTel establécese tamén que os operadores serán responsables de calquera dano que causen nas edificacións consecuencia das actividades de instalación dos tramos finais das redes fixas de comunicacións electrónicas de acceso ultrarrápido.

Neste senso, o artigo 45.6 establece que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo determinará os aspectos técnicos que deberán cumprir os operadores na instalación, así como a obra civil asociada, co obxectivo de reducir molestias e cargas aos cidadáns, optimizar a instalación das redes e facilitar o despregamento das redes polos distintos operadores.

Indícanse a continuación unha **serie de cuestións a ter en conta de cara a facilitar os despregamentos aéreos ou por fachadas de cables e equipamentos así como os permisos de paso** cando non sexa posible realizar a instalación no interior da edificación:



1. Se o **primeiro operador** que vai instalar un acceso ultrarrápido nunha edificación precisa utilizar a **fachada**, posto que non existe unha infraestrutura común de comunicacións electrónicas no interior do edificio, ou a existente non o permite, este deberá comunicalo **por escrito ao propietario ou comunidade de propietarios do edificio**, xunto cunha memoria descriptiva da actuación, antes de iniciar calquera instalación. Compre **comprobar** por parte da propiedade **que este proxecto é adecuado para a edificación en cuestión**.
2. Se a comunidade de propietarios ou o propietario non están interesados en dispoñer das infraestruturas propostas teñen de prazo **un mes** para manifestarlle o operador que ningún dos copropietarios ou arrendatarios do edificio está interesado en dispoñer das infraestruturas propostas e **a instalación non se poderá realizar pola fachada**.
3. Se a comunidade de propietarios ou o propietario contestan ao operador que van realizar, dentro dos **tres meses** seguintes á contestación, a instalación dunha infraestrutura común de comunicacións electrónicas no interior do edificio ou a adaptación da previamente existente que permitan tal acceso ultrarrápido, **a instalación tampouco se poderá realizar pola fachada**.
4. Se hai un primer operador habilitado, os seguintes operadores tamén están habilitados directamente para despregar tramos finais de rede nesa comunidade de propietarios. En todo caso, o operador interesado en efectuar a instalación debe comunicalo previamente á comunidade de propietarios, xunto cunha descrición da actuación para realizar, cunha antelación mínima dun **mes**.
5. **Permisos de paso:** os operadores están habilitados directamente para instalar tramos de rede nunha comunidade de propietarios co obxectivo de dar continuidade e conectar a rede que se vai despregar ou se está despregando en edificios ou predios estremeiros ou próximos.
6. Os operadores serán **responsables de calquera dano** que causen nas edificacións consecuencia das actividades de instalación dos tramos finais das redes fixas de comunicacións electrónicas de acceso ultrarrápido.



O documento está dispoñible baixo unha [Licencia Creative Commons Atribución-Compartir Igual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/)